

Resolución reitoral do 26 de marzo de 2025, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convocan axudas a proxectos de investigación nos distintos ámbitos científicos co obxectivo de impulsar a actividade científica dos grupos de investigación.

A Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

O sistema de financiamento do I+D universitaria, baseado dun xeito sustancial, no financiamento de proxectos de investigación, leva a que en determinados períodos de tempo os grupos de investigación, sobre todo os dun tamaño mais reducido, non dispoñan de financiamento para continuar as súas liñas de investigación. Esta situación conleva riscos para a continuidade do proceso de xeración de coñecemento e a captación de alumnos de doutoramento e postdoutoramento co que é relativamente doado que se caía un círculo vicioso do que resulta difícil saír.

A Universidade de Santiago de Compostela ten como obxectivo que o maior porcentaxe posible do seu persoal docente e investigador sexa activo no ámbito científico e está comprometida en poñer en marcha os medios necesarios para evitar que baches na captación de recursos signifiquen, de facto, a imposibilidade de continuar coa actividade investigadora.

TEXTO DA CONVOCATORIA

Artigo 1. Obxecto da convocatoria, contía e duración.

O obxecto da convocatoria é a de financiar o desenvolvemento de proxectos de investigación que permitan a continuación de liñas de investigación existentes ou a iniciación de liñas de investigación novedosas para as que non se dispoña doutro financiamento.

O importe total do orzamento será destinado a financiar **10 proxectos** de investigación de **16.000** euros cada un, como financiamento máximo,-con cargo á partida **8050-2000-64600**. Esta axuda poderá financiar parcial ou totalmente os costes do proxecto e serán compatibles con outras aportacións, calquera que sexa a súa natureza e a entidade financiadora, sempre que conxuntamente non se supere o custe total do proxecto.

O período máximo de execución será dun ano natural a partir do día seguinte á data de resolución de concesión de proxectos.

Artigo 2. Beneficiarios da axudas e requisitos de participación.

2.1.- Poderán solicitar estas axudas calquera membro dun grupo de investigación rexistrado no catálogo de grupos da USC.

2.2.- A persoa solicitante dun proxecto relativo a esta convocatoria deberá cumprir os seguintes requisitos no último día do prazo de presentación de solicitudes:

- Ter presentado solicitude na última convocatoria resolta no momento da publicación desta convocatoria de proxectos do Plan Nacional como IP ou como Co-IP sen ter obtido financiamento na mesma.
- A persoa solicitante non poderá figurar como membro dun grupo que dispoña dunha actividade vixente vinculada á convocatoria de grupos de consolidación da Xunta de Galicia.

2.3.- O equipo de investigación solicitante deste proxecto deberá estar formado por un mínimo de 3 persoas. A lo menos dúas persoas deberán ser PDI con vinculación permanente. Para completar o equipo de investigación mínimo poderá formar parte, de ser o caso, un investigador asociado en activo na USC a tempo completo durante toda a vixencia do proxecto.

Ademais, poderán formar parte do equipo de investigación:

- Os profesores eméritos e visitantes.
- Alumnos predoutorais.
- Persoal colaborador externo rexistrado nun grupo de investigación da USC durante a vixencia da duración do proxecto.

2.4.- Ningún membro do equipo de investigación poderá participar simultaneamente en máis dun proxecto solicitado na presente convocatoria.

Artigo 3. Gastos subvencionables

3.1. Os importes das axudas unicamente poderán ser destinados á financiación das actividades necesarias para o desenvolvemento desta convocatoria. Os gastos subvencionables que se consideran elixibles son os seguintes:

a) Gastos de funcionamento:

- Material fungible
- Gastos relativos a servizos da RIAIDT,
- Gastos de servizos tecnolóxicos externos.
- Gastos derivados da realización de publicación científica.
- Gastos de mobilidade vinculadas a este proxecto dos membros do equipo de investigación, sempre que non exceda do 20 % da axuda concedida

b) Inventariable.

- Pequeno equipamento inventariable. Non se considerarán elexibles os teléfonos móbiles.
- Materiais bibliográficos, cuotas de coloquios e congresos, e adhesión a sociedades científicas.

c) Outros gastos:

- Reparación e mantemento de equipos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e información, como o caso de aplicacións informáticas, bases de datos, etc...

3.2. Non son gastos que se poidan financiar nesta convocatoria os gastos relativos a pagos a PDI, nin para subvencionar total ou parcialmente a contratación de persoal investigador ou auxiliar.

Artigo 4.- Formalización e presentación das solicitudes

A documentación que se deberá achegar terá que ser en formato PDF segundo os modelos que se publiquen derivados desta convocatoria e seguindo as instrución que recibirán as persoas solicitantes logo de realizar a súa solicitude na sede electrónica da USC. Dita documentación deberá conter a seguinte información.

Resumo do proxecto, entre 400-500 palabras.

- Antecedentes e estado actual do tema, incluíndo referencias bibliográficas
 - Hipótese e obxectivos
 - Medios dispoñibles para a realización do proxecto.
- 1) Plan de traballo das actividades que se propón desenvolver durante a vixencia do proxecto de investigación. O plan de traballo terá unha extensión de 1.200-2.000 palabras e debería recoller:
- Título de proxecto de investigación que deberá estar asinado polo IP solicitante destinataria da axuda do proxecto de investigación
 - Metodoloxía e cronograma de actividades.
 - Equipo de traballo, incluíndose como anexos o CVA abreviado de cada unha das persoas participantes, segundo o modelo normalizado da Axencia Estatal de Investigación.
- 2) Consentimento por escrito de aceptación de participación no proxecto por parte dos membros do equipo de investigación. No caso de Persoal colaborador externo rexistrado nun grupo de investigación da USC durante a vixencia da duración do proxecto, requirirase autorización do responsable de orixe.
- 3) Xustificación dos conceptos de gasto e importe do orzamento solicitado axustado aos conceptos financiados.

Artigo 5.- Prazo de presentación

A presentación de solicitudes irá dirixida á Area de Xestión da Investigación a través da sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>), na solicitude deberán figurar os seguintes datos:

- Asunto da solicitude: Axudas a proxectos de investigación nos distintos ámbitos científicos co obxectivo de impulsar a actividade científica dos grupos de investigación.
- Expón que: indicar os seus datos persoais, vinculación coa USC e grupo de investigación no que está integrada a persoa solicitante.
- Solicita: participar na convocatoria de proxectos de investigación para grupos de investigación 2025.

Presentada a solicitude no rexistro electrónico da USC, e recepcionada pola Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D, á persoa solicitante recibirá, ao enderezo de correo electrónico indicado na súa solicitude, instrucións de cómo debe presentar os documentos requeridos indicado no artigo 4 para avaliar a súa solicitude aos que se refire o artigo 7 desta convocatoria.

Aquelas solicitudes que non realicen a presentación conforme ao disposto no presente artigo teranse por desistidas, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O prazo para a presentación de candidaturas será de 15 días naturais a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro da USC.

Artigo 6. Admisión das propostas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a resolución provisional de admitidos e excluídos no taboleiro electrónico da USC e tamén na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica con indicación, da(s) causa(s) de exclusión.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de **tres días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase unicamente a través da sede electrónica da USC, achegando os documentos a subsanar, as solicitudes serán dirixidas a Area de Xestión da Investigación, indicando o seguinte:

- Asunto da solicitude: Subsanación axudas a proxectos de investigación nos distintos ámbitos científicos co obxectivo de impulsar a actividade científica dos grupos de investigación.
- Expón que: que logo de estar excluída a súa solicitude de participación relativa as axudas axudas a proxectos de investigación nos distintos ámbitos científicos co obxectivo de impulsar a actividade científica dos grupos de investigación.

- Solicita: Que lle sexa subsanada o motivo da súa exclusión.

Rematado o prazo de subsanación publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Artigo 7.- Avaliación das solicitudes

As solicitudes serán obxecto de avaliación por parte da Comisión de Selección, aplicándose os seguintes criterios:

- **Primeira fase:**

Valoración do orzamento. Valorarase a adecuación do orzamento ás actividades que se preve realizar. A avaliación do orzamento será positiva ou negativa. Unha valoración negativa neste apartado dará lugar a desestimación da proposta. Un orzamento que exceda do importe máximo da concesión da axuda recollida nesta convocatoria será motivo de avaliación negativa.

- **Segunda Fase (100 ptos):**

- a) Calidade científico-técnica da proposta e dos obxectivos a acadar. Valorarase o avance no coñecemento que presenta a proposta, así como o interese dos obxectivos formulados, e, de xeito especial, o beneficio que supón a consecución de ditos obxectivos para o fortalecemento do grupo de investigación ao que pertence o investigador propoñente (ata 40 puntos).
- b) Actividades e metodoloxía. Valoración do rigor na formulación metodolóxica e na identificación de actividades e tarefas para acadar os obxectivos (ata 20 puntos).
- c) Valoración da equipa de investigación. Este criterio valorará, de acordo coa traxectoria científica e técnica, a capacidade dos propoñentes para desenvolver a proposta presentada, e do investigador principal en especial. Valorarase a capacidade formativa do grupo de investigación ao que pertence a equipa investigadora (ata 20 puntos).
- d) Obxectivos de explotación, difusión e divulgación, con especial atención á transferencia de resultados ao sector produtivos e á sociedade (ata 20 puntos).

A avaliación científico-técnica das propostas será cualificada de 0 a 100. A puntuación mínima que deberá acadar o IP solicitante non poderá ser inferior a 70 puntos.

Artigo 8. Comisión de avaliación

A composición da Comisión de Avaliación estará formada por 5 membros, presidente/a, secretario/a e tres vogais, e os seus correspondentes suplentes. Os nomes dos compoñentes da comisión faranse públicos coa publicación da lista de proxectos admitidos e excluídos.

O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao previsto na Sección 3ª, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, relativo aos órganos colexiados.

Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, notificándolle ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorra algunha das circunstancias antes citadas.

A comisión elaborará a proposta de concesión, que será elevada ao Reitor da USC.

Artigo 9. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento de selección será a Vicerreitoría de Política Científica, previo informe da Comisión Avaliadora. O órgano competente para ditar as correspondentes resolucións de selección será o Reitor ou persoa en quen delegue.

Artigo 10. Procedemento de resolución

A proposta de concesión definitiva, será publicada na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica, e daráselle difusión.

A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptarase no prazo máximo dun mes contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarse de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, mediante a súa publicación na web da Vicerreitoría de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

Artigo 11. Libramento da axuda

O total da axuda librarase coa súa aceptación de conformidade, cos procedementos, requisitos e termos establecidos nas Normas de Execución do Orzamento da USC e na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 12. Seguimento dos proxectos

Os beneficiarios deberán presentar unha memoria final (Anexo II) que deberá incluír os traballos realizados ata o fin do proxecto.

Deberán facerse constar os resultados obtidos no proxecto en base a:

- ✓ Publicacións científicas en realización ou enviadas.
- ✓ Capacidade formativa de persoal no proxecto.

- ✓ Capacidade de xerar accións de transferencia ao mercado.

Artigo 13. Obrigacións dos beneficiarios

13.1. A aceptación da axuda por parte dos beneficiarios implican a aceptación das normas establecidas nesta convocatoria e o cumprimento dos requisitos establecidos na mesma.

13.2. Os investigadores beneficiarios da axuda deberán facer constancia expresa da afiliación a USC nas súas publicacións, e deberán mencionar a axuda da Universidade de Santiago de Compostela como entidade financiadora, coa acrónimo e número de referencia asignado o proxecto.

13.3. De conformidade coa política de acceso aberto dos resultados da investigación impulsada pola Universidade de Santiago de Compostela, o equipo de investigación deberá facilitar a publicación en aberto dos resultados de investigación no repositorio institucional da biblioteca da USC (<https://minerva.usc.es/home>), depositando tan pronto sexa posible unha copia da versión publicada o da versión (post-print), dos artigos científicos, libros ou capítulos de libros etc.

13.4. A investigación desenvolvida deberá seguir o establecido no Código de Boas Prácticas na Investigación vixente na Universidade de Santiago de Compostela.

2.4.- O investigador principal do proxecto deberá comprometerse a solicitar financiamento nas convocatorias externas de proxectos de investigación que se publiquen con posterioridade á data de resolución desta convocatoria.

Artigo 14.- Recursos

Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición final

O que non estea previsto nesta resolución lle será aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación ou anulación da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Por delegación do Reitor (RR. 26/09/2023, DOG 5/10/2023)
A Vicerreitora de Política Científica,
María del Pilar Bermejo Barrera

**CONVOCATORIA AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NOS DISTINTOS ÁMBITOS
CIENTIFICOS CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A ACTIVIDADE CIENTIFICA DOS GRUPOS
DE INVESTIGACIÓN.**

Anexo II: Memoria final

Datos do proxecto

**Persoa coordinadora do
proxecto**

Equipa de traballo

Título do proxecto



Publicacións científicas en realización ou enviadas

Capacidade formativa do persoal no proxecto

Capacidade de xerar accións de transferencia ao mercado

Asinado coordinador/a do proxecto:



RESUMO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN 2025

(Segundo o establecido no artigo 4 da convocatoria)

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos, nome:

DNI:

ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA, INCLUINDO REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

HIPÓTESE E OBJECTIVOS



MEDIOS DISPONIBLES PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO.

Sinatura da persoa solicitante

Asda por*:

Santiago de Compostela, __ de _____ de 2025

PLAN DE TRABAJO PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN 2025

(Segundo o establecido no artigo 4.1 da convocatoria)

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos, nome:

DNI:

METODOLOXÍA E CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES



EQUIPOS DE TRABAJO E ANEXAR OS CVA ABREVIADOS E O CONSENTIMENTO DE ACPETACIÓN DE CADA UN DELES.

Sinatura da persoa solicitante

Asda por*:

Santiago de Compostela, __ de _____ de 2025

	
+	
ORZAMENTO E XUSTIFICACIÓN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN 2025	
DATOS DO/A SOLICITANTE	
Apelidos, nome:	
DNI:	
ORZAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO (Debe axustarse ao establecido no artigo 3 da convocatoria)	
Sinatura da persoa solicitante	
Asda por*:	

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR BERMEJO BARRERA, VICERREITOR A DE POLITICA CIENTIFICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/03/2025 13:01:34.

CSV: BC4C-FEA4-458A-A4EE